

CONCURSOS→

Concurso específico con postos de nivel 23 a 28: convocado por Resolución da Subsecretaría do 23 de outubro de 2024 (BOE do 29 de outubro) e publicada a Resolución do 19 de febreiro de 2025 no BOE do 26 de febreiro. Convocáronse 10 postos, adxudicándose 9.

- Concurso de traslados de persoal funcionario pertencente ao Corpo Superior de Inspectores de Traballo e Seguridade Social: convocado por Resolución da Subsecretaría do 8 de novembro de 2024 (BOE do 21 de novembro) e publicada a Resolución do 17 de marzo de 2025 no BOE do 24 de marzo. Convocáronse 147 postos, das cales 6 estaban adscritas á Inspección de Traballo de Cataluña e 3 á do Gobierno Vasco, máis 12 resultas das cales 2 correspondían ao Gobierno Vasco, adxudicándose 93 postos e 9 a resultas.

- Concurso xeral con postos de traballo de nivel 13 a 22: convocado por Resolución da Subsecretaría de data 24 de febreiro de 2025 (BOE do 7 de marzo). Convocáronse 73 postos (o 21 de marzo publicouse Resolución de corrección de erros do 17 de marzo suprimindo un dos postos) máis 9 postos a resultas. Prevese a publicación da resolución no segundo semestre do ano.

- Concurso de traslados de persoal funcionario pertencente ao Corpo de Subinspectores Laborais, Escala de Seguridade e Saúde Laboral: convocado por Resolución do 9 de abril de 2025 (BOE do 22 de abril). Convocáronse 40 postos, dos cales 1 está adscrito á Inspección de Traballo de Cataluña e 5 á do Gobierno Vasco), máis 1 a resultas da Inspección de Traballo de Cataluña. Prevese a publicación da resolución no segundo semestre do ano.

- Concurso específico con postos de nivel 24 a 27: convocado por Resolución da Subsecretaría do 13 de maio de 2025 (BOE do 20 de maio). Convocáronse 4 postos e prevese a publicación da resolución de adxudicación de postos no segundo semestre do ano.

- Concurso xeral con postos de traballo de nivel 16 a 22: convocado por Resolución da Subsecretaría de data 13 de maio de 2025 (BOE do 26 de maio) data 4 de xuño de 2025 (BOE do 9 de xuño). Convocáronse 39 postos (o 9 de xuño publicouse Resolución de corrección de erros do 4 de xuño suprimindo un dos postos) máis 7 a resultas. Prevese a publicación da resolución de adxudicación de postos no segundo semestre do ano.

- Durante o segundo semestre do ano prevese tamén a publicación dun concurso de traslados para o ao Corpo de Subinspectores Laborais, Escala de Emprego e Seguridade Social, o cal se está preparando.

AVALIACIÓNS DE RISCOS E PLANIFICACIÓN PREVENTIVA→

- Actualización da avaliación de riscos laborais e proposta de actuación preventiva da IPTSS de Lugo, en proceso.

- Actualización da avaliación de riscos laborais e proposta de actuación preventiva da IPTSS de Zaragoza, en proceso.

- Planificación da actualización das avaliacións de riscos en 2025 para a IPTSS de Valladolid, a IPTSS de Sevilla, a IPTSS de Soria, a IPTSS de Zamora, a IPTSS de Lleida e a IPTSS de Teruel. A IPTSS de León está pendente de posible cambio de sede.

Vixilancia da saúde:

- ✓ Realización de exames de saúde en 2025 (marzo a xuño 2025)
- ✓ Lote 1, realizados 288
- ✓ Lote 2, realizados 274
- ✓ Lote 3, realizados 324
- ✓ Lote 4, realizados 258
- ✓ Total, realizados a data 13 de xuño de 2025, 1.144 exames de saúde
- Plans de emerxencia: planificación e preparación das actualizacións dos plans de emerxencia e evacuación en 2025: IPTSS de Asturias, IPTSS de Sevilla, IPTSS de Málaga, IPTSS de Cádiz, IPTSS de Badaxoz, IPTSS Segovia e IPTSS de Almería, IPTSS de Alacante e Servizos Centrais.
- ✓ Elaboración do Plan de medidas de emerxencia e formación en emerxencia e evacuación, primeiros auxilios na IPTSS de #Vizcaya.
- ✓ Visita preventiva a IPTSS Asturias, sede Xixón para determinación actuación de emerxencia de persoas con discapacidade.
- ✓ Elaboración do Plan de emerxencia, formación en emerxencia e evacuación, e Primeiros auxilios, simulacro na IPTSS de Selecta febreiro 2025.
- Planificación de accións de Prevención de Riscos Laborais:
- ✓ Implantación das medidas de intervención fronte a riscos psicosociais.
- ✓ Coordinación da directriz de implantación de distintivo da Inspección de Traballo e Seguridade Social en todas as IPTSS nos chalecos dos actuantes como medida de reforzo e empoderamento dos inspectores e atenuación da posible aparición de incidentes de violencia.
- Formación e información: impartida ao persoal de novo ingreso do Corpo de Subinspectores Laborais, Escala de Emprego e Seguridade e Social e ao persoal administrativo de estrutura en febreiro e marzo de 2025.
- Realización de medicións de gas radon: o servizo de prevención dispón xa dun plan para realizar as medicións de gas radon nas inspeccións provinciais que puidesen atoparse dentro das zonas que establece o Consello de Seguridade Nuclear (A Coruña, Ávila, Salamanca, Cáceres e Toledo). Procedeuse ao preceptivo concurso e licitación resultando adxudicatario o Laboratorio de Radon de Galicia, dependente da Universidade de Santiago de Compostela, dita unidade especialista en radioloxía impartirá ao longo do mes de xuño un curso sobre localización de dosímetros ao persoal do servizo de prevención para que poida proceder á súa implantación.

OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO→

OEP 2021/2022:

- Corpo Superior de Inspectores de Traballo e Seguridade Social: convocatoria publicada o 30 de decembro de 2022. Convocáronse 146 prazas de quenda libre, 45 da OEP 2021 (2 reservadas á quenda de discapacidade) e 90 da OEP 2022 (5 reservadas á quenda de discapacidade) máis 10 a pedimento de Cataluña e 1 a pedimento de País Vasco; e 35 prazas de promoción interna, 15 da OEP 2021 (1 reservada á quenda de discapacidade) e 20 (1 reservada á quenda de discapacidade) da OEP 2022.

O 17 de xuño de 2024 publicouse a relación de 86 persoas aprobadas por quenda libre (ningunha deles por quenda de discapacidade) e 18 por promoción interna (ningunha por quenda de discapacidade). Publicáronse os nomeamentos no BOE do 4 de xuño de 2025.

OEP 2023:

- Corpo Superior de Inspectores de Traballo e Seguridade Social: convocatoria publicada o 21 de marzo de 2024. Incluíronse 90 prazas de quenda libre (5 reservadas á quenda de discapacidade) máis 1 a pedimento de Cataluña e 8 a pedimento de País Vasco e, por outra, 30 prazas de promoción interna (2 reservadas á quenda de discapacidade). Finalizou a fase de oposición e estase desenvolvendo a fase de concurso para as persoas que aprobaron a fase de oposición por promoción interna.

- Corpo de Subinspectores Laborais, Escala de Emprego e Seguridade Social: convocatoria publicada o 21 de decembro de 2023. Incluíronse 72 prazas de quenda libre (4 reservadas á quenda de discapacidade), 70 da OEP 2023, máis 2 a pedimento de País Vasco; e 15 prazas para promoción interna (1 reservada á quenda de discapacidade). O 14 de novembro de 2024 publicouse a relación das 68 persoas que aprobaron a fase de oposición. Actualmente estase desenvolvendo o curso selectivo.

- Corpo de Subinspectores Laborais, Escala de Seguridade e Saúde Laboral: publicouse a convocatoria o 26 de decembro de 2023. Incluíronse 73 prazas de quenda libre, 65 da OEP 2023 (3 reservadas á quenda de discapacidade), máis 1 a pedimento de Cataluña e 7 a pedimento de País Vasco. No último exercicio houbo 41 aprobados (ningún pola quenda de discapacidade), a falta de confirmar o número dos que superen o curso selectivo. O 5 de agosto de 2024 publicouse a relación das 41 persoas que aprobaron a fase de oposición e na actualidade está a desenvolverse a fase de prácticas.

OEP 2024:

- Corpo Superior de Inspectores de Traballo e Seguridade Social: convocatoria publicada o 6 de xaneiro de 2025. Incluíronse 142 prazas de quenda libre, 90 da OEP para 2024 e 52 da OEP 2022 (12 reservadas á quenda de discapacidade, 7 da OEP para 2024 e 5 da OEP para 2022) máis 4 a pedimento de Cataluña e 4 a pedimento de País Vasco; e, por outra banda, 48 prazas de promoción interna, 30 da OEP para 2024 e 18 da OEP para 2022 (3 reservadas á quenda de discapacidade, 2 da OEP para 2024 e 1 da OEP para 2022). Actualmente estase desenvolvendo a fase de oposición.

- Corpo de Subinspectores Laborais, Escala de Emprego e Seguridade Social: convocatoria publicada o 6 de xaneiro de 2025. Incluíronse 81 prazas de quenda libre, 65 da OEP para 2024 e 16 da OEP para 2022 (9 reservadas á quenda de discapacidade, 5 da OEP para 2024 e 4 da OEP para 2022), máis 4 a pedimento de Cataluña; e, por outra banda, 25 prazas de promoción interna, 15 da OEP para 2024 e 10 da OEP para 2022 (2 reservadas á quenda de discapacidade, 1 da OEP para 2024 e 1 da OEP para 2022). Actualmente estase desenvolvendo a fase de oposición.

- Corpo de Subinspectores Laborais, Escala de Seguridade e Saúde Laboral: convocatoria publicada o 1 de xaneiro de 2025. Incluíronse 99 prazas de quenda libre, 45 da OEP para 2024 e 54 da OEP para 2022 (7 reservadas á quenda de discapacidade, 4 da OEP para 2024 e 3 da OEP para 2022), máis 3 a pedimento de Cataluña. Actualmente estase desenvolvendo a fase de oposición.

TRABALLO A DISTANCIA→

SOLICITUDES TRABALLO A DISTANCIA	NÚMERO	PORCENTAXE
AUTORIZADAS	751	100%
DENEGADAS	0	0%
TOTAL	751	100%

MODALIDADE PRESTACIÓN SERVIZO	NÚMERO	PORCENTAXE
PRESENZA FÍSICA DE DOUS DÍAS	197	16,47%
PRESENZA FÍSICA DE TRES DÍAS	554	46,32%
PRESENZA FÍSICA DE CINCO DÍAS	445	37,21%
TOTAL	1.196	100 %

RPT→

Foi aprobada por Resolución do 29 de maio e colgada no portal de transparencia o dous de xuño, recoñece o organismo que serán necesarios algúns axustes das prazas e que non teñen dúbida da forma de cobertura, que será por concurso en todos os casos salvo nos postos de libre designación.

Barallásense ademais da antigüidade outros criterios como a formación e que se determinasen as funcións dos postos de coordinación de subinspección.

Será prioritaria a creación dos postos de xefatura de unidade onde non os houbese.

Informan que están a gravar os datos desta nova RPT e que esperan poder pagar os atrasos nestes meses.

Produtividade adicional extraordinaria→

Empezasen en breve a traballar nela pero teñen claro que é preferible o primeiro modelo, verán datas de pago, obxectivos etc.

Desde CIG deixamos claro que é un bo método para mitigar o efecto devastador que esta RPT tivo no persoal técnico e administrativo que foi o gran esquecido e prexudicado.

Produtividade por obxectivos→

Desde CIG reclamamos, unha vez máis, a reactivación do grupo de traballo e a presentación dunha proposta seria e adecuada á realidade do organismo.

É inadmisíble que o incremento de persoal de inspección activa, que é o que maior cantidade de produtividade require, non se vexa compensado co incremento do capítulo económico correspondente. Somos máis co mesmo diñeiro, xa sabes o que iso significa.

Outros organismos deste ministerio obteñen cada ano incrementos da produtividade e cando se lles incorpora persoal tamén veñen coa súa "mochila" de produtividade, que pasa coa inspección? será que como España, é diferente...

Tardes→

Desde CIG reclamamos que dunha vez por todas se solucións o grave problema que hai con este tema, parece ser que aínda hai responsables provinciais que seguen sen decatarse de que tamén teñen xefas e xefes e que por tanto as ordes que reciben non son graciabíles, teñen que cumprilas e deixarse de poñer trabas e pensar que poden decidir cousas que non lles competen e das que soamente teñen que dar trámite.

Do mesmo xeito volvemos incidir en que non hai nada na normativa que impida cobrar as tardes sen que nos absorba a produtividade de mañá, reclamamos que, do mesmo xeito que ocorre noutros organismos, abónense de forma independente as dúas cantidades. É inadmisíble o que se está facendo no organismo.

A administración segue sen ver esta posibilidade de compatibilizar as dúas produtividades, segue dicindo que é inviable presupuestariamente, é dicir, que como non teñen dineros para todo o persoal pois que elixen aos de sempre, nada novo baixo este sol da inspección.

Sentenzas do persoal de subinspección→

Desde CIG manifestamos a nosa maior estrañeza e queixa contra o organismo, parecería de risa se non fose para chorar que un organismo como a inspección de traballo non cumpra as sentenzas firmes.

Este colectivo a pesar de ter ditadas sentenzas favorables ten que seguir pelexando e gastando tanto recursos económicos como físicos estando totalmente ao bordo do desanimo pola desidia que o organismo manifesta neste tema.

Podemos xogar a adiviñar a resposta.....quen será o ou a culpable?, o organismo? función pública?.....Bueno tampouco era tan difícil, tes razón, o organismo informa que tan pronto reciben a sentenza trasládana a función pública pero que esta está enrocada no nivel 23 e que non hai forma de ir máis alla.

Veremos a ver como evoluciona o tema agora coa nova RPT, desde CIG dicimos que moito esperamos ou moito fiámonos dos milagres e marabillas que vai supoñer esta RPT, oxalá equivoquémonos pero cremos que o tempo nos dará a razón e non haberá movemento nin evolución algunha.